

# **PLAN DE CONVIVENCIA**

## **IES PEDRO FLORIANI**

# INDICE

Introdución.....	3
Marco Lexislativo.....	5
Obxectivos do Plan de convivencia.....	6
Dereitos e deberes dos membros da Comunidade Educativa.....	7
Estratexia para a prevención e resolución de conflictos.....	11
Difusión, seguimento y evaulación del Plan de convivencia .....	11

# PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia é o documento no que se fundamenta e se concreta o modelo de convivencia do instituto. Nel coordínanse as accións de toda a comunidade educativa para construír un clima escolar dentro dos principios democráticos que garantan unha educación para todos e favoreza a prevención, o tratamento educativo dos conflitos e unha intervención efectiva na regulación da convivencia escolar.

No noso centro buscamos unha institución educativa de carácter laico cuxo ideario fomenta a tolerancia e liberdade de ideas, inculcando valores educativos baseados no respecto á dignidade humana, promovendo o interese polo descubrimento e o estudo tanto no campo científico como humanístico.

Desde a súa fundación como cooperativa educativa, temos como obxectivo a formación integral de futuros cidadáns do mundo: persoas preparadas para coñecer, cuestionar e mellorar o seu contorno local e global.

Os valores que se destacan no centro e que constitúen o marco no que se desenvolve o presente documento, son a honestidade, a solidariedade, a tolerancia e a democracia.

Con todo iso podemos afirmar que a educación na convivencia é á vez un obxectivo básico da formación e un elemento imprescindible para o éxito dos procesos educativos. Aprender a respectar, a ter actitudes positivas, a aceptar e asumir os procesos democráticos, debe ser unha prioridade para toda a comunidade educativa, xa que prepara ao alumnado para levar unha vida social adulta satisfactoria, autónoma e para que poida desenvolver as súas capacidades como ser social.

# PLAN DE CONVIVENCIA

A convivencia supón atender a dous elementos esenciais do labor educativo: considerar o intelectual e formativo do currículo e crear un ambiente social e ético propicio para o desenvolvemento dese labor educativo. Esa dobre perspectiva supón traballar cos alumnos a xestión das emocións, falar dos dereitos humanos, da xestión de conflitos, do cumprimento de normas (dereitos e deberes), da relación familia e escola, da xestión de aula e de centro e da participación e adecuación das respostas educativas ao alumnado. Falar de convivencia é falar de entendemento e respecto e apréndese no primeiro contorno social dos alumnos fóra da familia: o centro escolar.

Entendemos a convivencia escolar como o conxunto de normas de conduta, pautas e comportamentos que crean o clima adecuado para desenvolver as actividades educativas e que facilitan a aceptación e o respecto do outro como persoa, asumindo que as diferenzas son enriquecedoras. Partindo desa idea xeral, o noso plan de convivencia formula os seguintes aspectos:

Establecer e dar a coñecer as normas de convivencia a toda a comunidade educativa.

Implicar aos alumnos na elaboración das normas de aula segundo as pautas recollidas neste Plan de Convivencia.

En caso de incumprimento das normas, as medidas adoptadas terán carácter educativo e adecuaranse á realidade de cada alumno tendo en conta as súas circunstancias persoais e familiares.

Promover o bo clima de convivencia a través de actividades que reforzen a aceptación e o respecto aos demais, a colaboración, a solidariedade e a aprendizaxe de métodos de resolución de conflitos e que faciliten a aceptación das diferenzas como algo enriquecedor para todos.

O presente Plan de Convivencia, por tanto, debe entenderse como unha ferramenta que axude á educación integral dos alumnos e á prevención dos conflitos.

# MARCO LEXISLATIVO

A elaboración do Plan de Convivencia fundaméntase na normativa vixente de ámbito nacional e da Comunidade Autónoma de Galicia, con especial referencia ás principais normas en materia de convivencia:

Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.

Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Decreto 156/2022, do 26 de maio, polo que se establecen para a Comunidade de Galicia a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.

Decreto 157/2022, do 26 de maio, polo que se establecen para a Comunidade de Galicia a ordenación e o currículo do Bacharelato.

Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.

# OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Os obxectivos que ten que cumprir o plan de convivencia son os seguintes:

- Fundamentar e concretar o modelo de convivencia do centro.
- Favorecer a prevención, o tratamento educativo dos conflitos e a intervención efectiva na regulación da convivencia escolar.
- Concienciar á comunidade educativa da importancia dunha boa convivencia escolar e implicala na súa mellora.
- Promover a formación da comunidade educativa, o desenvolvemento de procedementos e recursos para favorecer a convivencia pacífica, a resolución de conflitos, o respecto á diversidade, o fomento da igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Promover a prevención, detección, intervención, resolución e seguimento dos conflitos e das manifestacións de violencia ou acoso entre iguais.
- Facilitar aos órganos de goberno e profesorado procedementos claros de intervención, instrumentos e recursos para a prevención da violencia e a mellora da convivencia.
- Fomentar o diálogo para a prevención e resolución de conflitos.
- Potenciar a educación en valores para a paz e a educación cívica e moral en todas as actividades no centro educativo.
- Promover a formación dos pais ou titores en temas de convivencia, acosos, ciberacoso e uso responsable das novas tecnoloxías.

# DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A comunidade educativa fórmana os alumnos, os seus pais ou titores, os profesores do centro e o persoal de administración e servizos. Todos eles teñen unha serie de dereitos e obrigas que inclúen os que se refiren ao ámbito da convivencia escolar. Neste sentido, os dereitos e deberes de cada un dos membros da comunidade escolar son os seguintes:

## **ALUMNOS:** Todo alumno ten dereito:

- A ser respectado por todos os membros da comunidade educativa. O alumno ten dereito a que se respecte a súa identidade, integridade e dignidade persoais, así como a súa liberdade de conciencia e as súas conviccións ideolóxicas, relixiosas e morais, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións de acordo coa Constitución Española.
- Á protección contra toda agresión física, emocional, moral ou de calquera outra índole.
- A ser educado en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes.
- A participar, a través dos seus representantes no Consello Escolar, na elaboración do plan de convivencia e a formular propostas de mellora sobre o mesmo.

## Todo alumno ten o deber de:

- Colaborar na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectar ao profesorado e o dereito dos seus compañeiros á educación.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e do material didáctico.
- Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e todos os demais dereitos fundamentais dos integrantes da comunidade educativa, evitando calquera tipo de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Respectar as normas de convivencia, así como as de organización e funcionamento, do centro educativo.
- Colaborar na mellora da convivencia escolar, respectando a autoridade e orientacións do profesorado e os órganos de goberno do centro.
- Comunicar ao persoal do centro as posibles situacións de acoso ou que poidan pór en risco grave a integridade física ou moral doutros membros da comunidade educativa que presencie ou das que sexa coñecedor.

# DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

**PAIS OU TITORES:** Os pais ou tutores teñen dereito:

- A seren respectados polo resto da comunidade educativa e a que se respecten as propias conviccións ideolóxicas, políticas, relixiosas e morais.
- A recibir información sobre as normas que regulan a organización, convivencia e disciplina no centro docente.
- A seren escoitados nos procedementos educativos de intervención ante as accións contrarias á convivencia escolar.
- A colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou tutelados.
- A participar, a través do Consello Escolar, na elaboración e revisión das normas que regulan a organización, convivencia e disciplina no centro, nos termos establecidos na normativa vixente.

Os pais ou tutores teñen o deber:

- De respectar a liberdade de conciencia e as conviccións ideolóxicas, políticas, relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade dos membros da comunidade educativa.
- De coñecer e respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro docente, o proxecto educativo, así como respectar e facer respectar a autoridade e as orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Promover o respecto dos seus fillos e tutelados ás normas de convivencia do centro e ao coidado das súas instalacións e materiais.
- Responsabilizarse da asistencia, puntualidade, comportamento, hixiene persoal, vestimenta e estudo dos seus fillos ou tutelados menores de idade.
- Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
- Fomentar nos seus fillos ou tutelados unha actitude responsable no uso das tecnoloxías da información e comunicación, incluído o uso dos teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos, prestando especial atención a aqueles feitos que puidesen estar relacionados co ciberacoso no ámbito escolar.

# DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

**PROFESORADO:** O profesorado ten dereito:

- Ao respecto e consideración cara á súa persoa por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo de orde, disciplina e respecto aos seus dereitos no que se garanta e preserve a súa integridade física, moral e profesional.
- A participar e recibir a axuda necesaria para a mellora da convivencia escolar, coa colaboración da comunidade educativa.
- A participar na elaboración do plan de convivencia do centro e facer propostas para melloralo.
- A comunicarse cos pais ou tutores do alumnado menor de idade no proceso de seguimento escolar destes ante cuestións vinculadas coa convivencia escolar.
- A recibir a colaboración necesaria por parte dos pais ou tutores do alumnado para poder proporcionar un clima adecuado de convivencia escolar e facilitar unha educación integral do alumnado.
- A acceder á formación necesaria en materia de atención á diversidade, convivencia escolar, xestión de grupos, acoso e ciberacoso escolar, así como a recibir os estímulos e ferramentas máis adecuados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia escolar e a resolución de conflitos.

O profesorado ten o deber:

- Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar, a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas, ideolóxicas, políticas e morais, así como a integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- Cumprir cos acordos e normas aprobados polo Claustro de profesores e/ou Consello Escolar do centro en materia de participación educativa e convivencia escolar, no marco da lexislación vixente.
- Proporcionar ao alumnado un ensino de calidade, igualdade e equidade, respectando a súa diversidade e fomentando un bo clima de participación e convivencia que permita o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Aplicar as normas de convivencia do centro de forma rápida, proporcionada e eficaz, para manter un ambiente adecuado de estudo e aprendizaxe durante as clases, así como nas actividades complementarias e extraescolares, tanto dentro como fóra do recinto escolar.

# DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- Colaborar na prevención, detección, intervención e resolución das condutas contrarias á convivencia e xestionar a disciplina e a orde, tomando as medidas correctoras educativas que correspondan.
- Pór en coñecemento do titor do alumnado, dos membros do equipo directivo e dos pais ou tutores, cando corresponda, os incidentes relevantes no ámbito da convivencia escolar para que se poidan tomar as medidas oportunas, gardando reserva, confidencialidade e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado, conforme á normativa vixente, e sen prexuízo de prestar aos seus alumnos a atención inmediata que precisen.
- Pór en coñecemento do equipo directivo aquelas situacións de violencia infantil, xuvenil ou de xénero que presenten indicios de violencia contra nenos e nenas ou mulleres, de conformidade coa lexislación vixente.
- Controlar as faltas de asistencia e os retrasos dos alumnos e informar aos pais ou tutores, cando o alumno é menor, segundo o procedemento que se estableza nas normas de convivencia do centro.
- Sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado. Neste sentido deberá cumprir e asegurar no ámbito das súas funcións a protección de datos de carácter persoal.

**PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:** O persoal de administración e servizos ten dereito:

- Ao respecto e consideración cara á súa persoa por parte de todos os membros da comunidade educativa no exercicio das súas tarefas e funcións.
- A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar coa colaboración da comunidade educativa.
- A coñecer o plan de convivencia do centro e participar, a través do Consello Escolar, na súa elaboración e avaliación e facer propostas para melloralo.

O persoal de administración e servizos ten o deber:

- De colaborar, no exercicio das súas funcións, para que se cumpran as normas de convivencia escolar e se respecte a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de violencia e/ou acoso escolar, fomentando un bo clima escolar.
- Informar aos profesores ou membros do equipo directivo do centro docente das alteracións da convivencia, gardando reserva, confidencialidade e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado. Neste sentido deberá cumprir e asegurar no ámbito das súas funcións a protección de datos de carácter persoal.

# ESTRATEGIAS PARA A PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

O centro escolar é o escenario habitual de múltiples conflitos. Os conflitos débense, fundamentalmente, á oposición ou desacordo entre dúas persoas. Aínda que a súa connotación é negativa, o conflito é tamén unha forma de aprendizaxe. Algunhas das estratexias que se utilizan para a prevención e a resolución de conflitos no centro baséanse nos seguintes aspectos:

Comunicación efectiva mediante o diálogo e a escoita activa.

Atención personalizada aos alumnos que permite detectar e previr condutas potencialmente conflictivas.

Reforzo positivo, xestión das emocións e desenvolvemento de competencias sociais desde as primeiras etapas da educación dos nosos alumnos.

Estratexias para a xestión dos conflitos mediante a realización de dinámicas educativas tanto na etapa de Primaria como en Secundaria.

Estratexias de mediación para a resolución de conflitos.

Coordinación efectiva dos equipos de profesores e equipo directivo, o que permite unha comunicación fluída e unha actuación coordinada para o tratamento dos conflitos.

Seguimento das situacións que poden alterar a convivencia mediante reunións de coordinación, de titores, de ciclo e claustro de profesores.

## **DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Farase difusión do plan de convivencia a través da Expofloriani do 2026. Este Plan forma parte do proxecto d grupo CCC de primerio de bacharelato e está toda a información relacionada dispoñible en <https://cccpedrofloriani.centenodigital.es/>



**CONVIVE,  
COMPARTE, C'ÈRECE**